

Lemos Rosalía

[Marga do Val](#) Escritora 28/feb./25

Lemos Rosalía de Castro e aliméntanos. Tiven a honra de redactar o manifesto da AELG para celebrarmos o Día de Rosalía e tamén de chamar pola miña xente para a lectura de textos, nun acto que a Asociación celebra en Bonaval, esta vez o día 22 de febreiro. A mesma AELG, "esquecida" por quen ostenta o poder no goberno galego para formar parte das comisións para a revisión do Plan xeral de normalización da lingua galega, propón desde hai anos lectura e actividades que fai chegar a todos os centros de ensino e concellos do país, para revitalizar a autora da "Negra Sombra" e darlle voz á súa rebeldía.

É fermoso descubrir que cada persoa ten polo menos un poema rosaliano coma seu, como se fose escrito para ela e é unha sorte encontrar ese poema no camiño. Na homenaxe, a lectura dos poemas demostra o que digo, quen leu, se aínda non o era, fixo seu, un poema.

Comezou X. M. Beiras coa "A xustiza pola man", e está ben lembrarmos que cando Rajoy era aquel deputado no Parlamento de Galiza que nunca falou, nin respectou o galego, Beiras respondeulle lendo o poema de Rosalía en francés; leu este texto máis veces, en galego, tamén cando foi candidato a reitor da universidade. Sábeo de memoria, criouse e, a moitas, a súa lectura fíxonos crecer. Pilar Astray, da Asociación do Traxe Galego, leunos "San Lourenzo" e na súa voz, a autenticidade do verso uníase á dos bordados da súa man na roupa que a vestía. En representación do coro da Asociación Cultural e Musical Solfa que sempre participa nesta homenaxe, María Precedo comunicou a ferida universal da dor con "Unha vez tiven un cravo". Zoe IriArte, desde o corazón da Plataforma Ulloa Viva, evidencionos a sen razón do xénero con "Daquelas que cantan". Leire Prieto e Irene Sampedro, alumnas do IES Rosalía de Castro reencarnaron a voz coral da meniña gaiteira desde "Has de cantar"; a mesma voz reencarnada no último poema lido, "Eu cantar, cantar, cantei", por Goretti Sanmartín Rei, alcaldesa da capital de Galiza, cidade rosaliana. "Probe Galicia, non debes chamarte nunca española", foi lido desde a aperta do mar e da terra, polo voceiro da Plataforma en Defensa da Ría de Arousa, Xaquín Rubido. Olaia Novo, música e mediadora cultural, transmitiu o desasosego de "Silencio". Do Folón, en Mosende (O Porriño), viñeron, Ana Díaz, de Ecoloxistas en Acción, que nos lembrou con "Abride as frescas rosas", que só a tola humanidade perece, e Felín Romero, representante da Comunidade de Montes, no remate da lectura de "Negra sombra" manifestou o seu desexo de que voen os subeliños. Da Louriña, Paz Fernández Pereiro, comprometida coa dinamización da lectura desde sempre, leunos uns fragmentos de "Olvidemos os mortos". En representación da Sociedade Cultural e Desportiva Condado que leva máis de cincuenta anos defendendo a lingua e a poesía, participaron José González, da primeira directiva, e Noela Vázquez, a actual, agasalláronnos co seu particular "Xan". Mercedes Espiño, a primeira Secretaria da MNL seduciunos coa lectura de "Tecín soia a miña terra". Do noso sur chegaron a Maga de Voz, Cristal Méndez Queizán, para nos dicir "Dende aquí vexo un camiño" e Helena Pousa, Presidenta da

Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica do Baixo Miño, o Condado e a Louriña, que recitou en goianés, "Por que".

Todas estas persoas loan lingua e terra, sempre, como a AELG.